CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 18 DE MAIO DE 2020

En Laxe, sendo as 16:00 horas do día 18 de maio de 2020, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dna. Raquel Lema Allo (PP)
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)
Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Don Manuel Esmorís Cotelo (PSdeG PSOE)
Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

ORDE DO DÍA:
1.- APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2020.

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2020.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Examinado pormenorizadamente o expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2020 pola Alcaldía deste concello, que contén os documentos que preceptuan os artigos 165, 166 e 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e concordantes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, así como o cadro de persoal desta Corporación, que segundo os artigos 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establecen que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e temporal, e que se aprobará anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento.
Vistos asemade os informes emitidos pola secretaría-intervención desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2020, que ascende tanto en gastos como en ingresos ao importe de* ***2.501.579,55 euros.***

PREVISIONS DE INGRESOS		***PREVISIONS DE GASTOS***	
CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS	*798.100,00*	*CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL*	*988.916,66*
CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	*75.000,00*	*CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS*	*1.290.635,04*
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	*445.686,71*	*CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS*	*600,00*
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	*1.078.407,25*	*CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES*	*6.900,00*
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	*2.010,00*	*CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.*	*7.049,38*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

TOTAL OPERACIONS CORRENTES INGRESOS	***2.399.203,96***	***TOTAL GASTOS CORRENTES***	***2.294.101,08***
CAPÍTULO 6 ENAXENACIÓN INVERSIONS REALES		*CAPÍTULO 6 INVERSIONS REAIS*	*202.473,47*
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	*99.370,59*	*CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL*	*2.000,00*
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL INGRESOS	***99.370,59***	***TOTAL GASTOS DE CAPITAL***	***204.473,47***
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	*3.005,00*	*CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS*	*3.005,00*
CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS		*CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS*	
TOTAL OPERACIONS FINANCEIRAS INGRESOS	***3.005,00***	***TOTAL GASTOS FINANCEIROS***	***3.005,00***
TOTAL	***2.501.579,55***	***TOTAL***	***2.501.579,55***

Segundo.-*Aprobar, así mesmo, as bases de execución do devandito orzamento.*

Terceiro.-*Aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta corporación, que se xunta como anexo ao Orzamento desta entidade para o ano 2020.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Cuarto.-*Expoñer ao público o orzamento e o referido cadro de persoal e a relación de postos de traballo, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.*

Quinto.-*Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o orzamento nin contra o devandito cadro de persoal e relación de postos de traballo, estes consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite de publicación do orzamento, resumido por capítulos, xunto coa publicación íntegra do cadro de persoal e a relación de postos de traballo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local. No caso contrario procederase consonte co prevido no número 1 do primeiro dos artigos mencionados.*

Sexto.-*O orzamento aprobado producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2020, e os créditos nel incluidos terán a consideración de créditos iniciais, e a eles imputaranse os créditos autorizados con cargo ao orzamento prorrogado. As modificacións de crédito ao orzamento prorrogado por incorporacións de remanentes e por xeración de créditos conservarán a súa vixencia no orzamento para o ano 2020.*

Sétimo.-*Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido orzamento e do cadro de persoal aprobados definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.*
Laxe, 13 de maio de 2020
O alcalde

José Luis Pérez Añón

Intervén o sr. Alcalde manifestando que no mes de febreiro xa tiñan o orzamento pero que como consecuencia da situación actual tiveron que reaxustar as partidas orzamentarias fundamentalmente por unha previsible merma dos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ingresos municipais motivada pola reducción nas partidas que afectan ás taxas, xa que se está a estudar a posibilidade de suspender ou aprazar o cobro como consecuencia da crise.

A continuación o sr. Alcalde da lectura a memoria de Alcaldía na que resumidamente explica os capítulos de gastos e ingresos do orzamento.

O presente orzamento elabórase tendo en conta o escenario actual plantexado pola crise da COVID-19.

I.-Estado de ingresos

Capítulo I.-Tomouse como base para o cálculo dos ingresos que se prevén recadar no presente exercicio polos conceptos incluídos neste capítulo os padróns correspondentes, así como a liquidación provisional do exercicio 2019. Tando o IBI rústico coma urbán increméntanse como consecuencia da comunicación da xerencia regional do catastro por novas valoracións catastrais de rústica e urbán.

Capítulo II.- Para o cálculo dos ingresos relativos ao concepto 290.00, imposto sobre construccións, instalacións e obras, os ingresos calculáronse tendo en conta a previsión de solicitudes de licencias de obras para o presente exercicio 2020.

Taxas

Capítulo III.-Os ingresos que figuran orzamentados neste capítulo estimáronse inicialmente tendo en conta a recadación obtida no exercicio de 2019 considerando as previsións de ingreso para o 2020, sendo necesario no momento actual ter en consideración a reducción de ingreso pola recadación en distintos conceptos, ocasionado pola crise da COVID-19, deste xeito redúcense as previsións de ingresos ou ben pola paralización da actividade, caso das taxas por servizos deportivos ou culturales, ocupación vía pública, mercados, entradas museo, ou ben porque se está a estudiar a posibilidade de reducir a carga en conceptos tales coma a taxa por recollida de lixo.

Prevese a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, así coma a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizo de sumidoiros, e unha nova regulación dos servizos por actividades deportivas e culturais.

Outros ingresos

Capítulo IV: No concepto 420.00, participación tributos estado, consígnase a cantidade de 568.435,35 euros tendo en conta o o exposto na páxina da oficina virtual de coordinación financeira coas entidas locales. No concepto 450.00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

participación tributos CC.AA. consígnase a cantidade notificada pola Xunta de Galicia para o fondo base máis a previsión do fondo adicional por importe de 193.749,05€.
Presupóstanse neste capítulo, asimesmo, as subvencións que se prevén recibir da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial para o financiamento de gastos correntes (animadores cultural e deportivo e mantemento de servicios sociais tanto a traballadora social coma técnico de intervención famililar coma o gasto do custe hora do SAF). Tamén prevese o convenio coa Xunta de Galicia para orientación laboral.
O importe subvencionado para persoal de turismo, peóns PIL e auxiliar administrativo para servizos sociais, foi xerado no orzamento prorrogado.
Capítulo V:. A cantidade que se consigna no concepto 550.00, concesións administrativas, está calculada segundo os contratos e cánones vixentes dos postos do mercado no mercado municipal, e no 542.00 a previsión do arrendamento de patrimonio municipal.
Capítulo VII: Se prevé o ingreso pola Deputación do Plan único adicional 1/2019 obras rúa Cruceiro e Cesáreo Pondal, tamén consignado no orzamento de gastos.
Capítulo VIII: No concepto 830.00, anticipos a curto prazo ao persoal, consígnase o importe de 3.005,00 euros como ven sendo habitual en exercicios anteriores.

II.-Estado de Gastos

Considérase que as consignacións que figuran nas partidas orzamentarias cubren tódalas necesidades que plantexan os distintos servizos no noso concello, sempre dentro das nosas posibilidades de financiamento.

Aos efectos de acadar unha maior operatividade na xestión do orzamento de 2020, nas bases para a súa execución formúlanse tódalas técnicas de modificación orzamentaria que a normativa pon a disposición dos concellos. Ademáis, óptase por seguir aplicando a figura da vinculación xurídica, a nivel de área de gasto e capítulo, xa que a experiencia acumulada ata a data indica que é o mais axeitado. Os créditos incluídos no Estado de Gastos preséntanse co seguinte detalle:

-Clasificación por programas, con tres niveis de desagregación: grupo de programa de gasto, política de gasto e área de gasto.
-Clasificación económica, con catro niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Xúntanse ao documento as liquidacións do orzamento de 2019, o **anexo de investimentos** -no que se especifican os proxectos de investimentos que se pretenden executar, e que se recollen nas distintas partidas orzamentarias do capítulo VI- e o **anexo de persoal** -no que figuran os medios humáns cos que conta na actualidade o concello-, consignándose nas correspondentes partidas orzamentarias os créditos destinados ao aboo das súas retribucións e seguridade social, co incremento retributivo do 2%. Por outra banda, consígnanse as partidas necesarias para facer fronte ás contratacións laborais temporais que se poidan producir durante o exercizo 2020, neste senso se prevé a posible contratación dun auxiliar de policia para os meses de verán. Recóllense as cantidades necesarias para facer fronte o pago do recoñecemento da antiguidade do persoal laboral do Concello aprobado por acordo plenario de data 23 de maio de 2019 e Resolución de Alcaldía de data 24/10/2019.*
Xúntase así mesmo ao orzamento, o documento relativo á situación económico-financeira do concello.

Tomando como antecedente as necesidades dos distintos servicios que deben prestarse durante o exercicio económico 2020, consígnanse os créditos necesarios para atender a compra de bens correntes e de servicios expresados no capítulo II, dentro das posibilidades económicas deste concello, incrementando as partidas correspondentes a gasto social, e subministro de material relacionado coa crise da COVID-19, material de protección e subministro de carburante polo incremento das labores en protección civil e uso dos vehículos municipales para a atención da poboación en xeral.

Ao obxecto de prever a concesión de subvencións e axudas económicas que poidan outorgarse durante o exercicio 2020 consígnanse os créditos pertinentes no capítulo IV dentro das nosas posibilidades orzamentarias.

*Os gastos de investimento detállanse no **anexo de investimentos** que se xunta ao orzamento.*

Preséntase, en resume, un orzamento axustado ás necesidades do noso concello, sen deixar de lado, como é obvio, o posible financiamento que se poida acadar para todo tipo de investimentos e servicios que se pretendan realizar no exercicio, incorporando aos conceptos de ingresos do orzamento as axudas e subvencións que se concedan polos organismos aos que se teñan solicitado e xerando, xa que logo, o importe das mesmas nas partidas orzamentarias do que correspondan.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

---Intervén o concelleiro Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE), preguntando por a consignación de diversas políticas de gasto e solicitando unha pequena aclaración dos gastos previstos,
Pregunta si a emerxencia social está incluida na consignación da política de gasto 23.
Resposta o sr. Alcalde que para emerxencia social hai unha previsión de 12.000,00 euros.
Pregunta o concelleiro Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE) qué gastos están incluídos no importe de 70.361,99 con respecto a educación.
Resposta o sr. Alcalde que inclúe todo tipo de gastos como os de personal asignado, o operario de servizos municipais, gastos correntes de reparación e mantemento, subministro de enerxía eléctrica entre outros.
Pregunta o concelleiro Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE) qué gastos están incluídos en cultura e se tamén está incluído o persoal.
Resposta o sr. Alcalde manifestando que inclúe entre outros os gastos de persoal.
Pregunta o concelleiro Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE) qué gastos inclúe a política de gasto 43 de comercio e turismo e pequenas e medianas empresas, e pregunta qué consignación dentro dos 42.955,39€ corresponde a PYMES.
Resposta o sr. Alcalde que inclúe todos os gastos relacionados con información e promoción turística e que non hai nada concreto para PYMES.
Pregunta o concelleiro Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE) si dentro dos 8.520,00 de protección civil está todo o gasto relacionado e tamén pregunta polo gasto de cementerios e servizos funerarios.
Resposta o sr. Alcalde que os 300,00 se refiren as reixas do cementerio.
Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE) di que lle parece escasa a cuantía para o cementerio.
Resposta o sr. Alcalde indicando que o orzamento é unha previsión.
Por último, Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE) pregunta polo gasto de atención aos cidadáns.
Resposta o sr. Alcalde que e o gasto da Oficina municipal de información xuvenil, incluído o gasto de persoal.

---Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto) manifestando que non vai entrar en detalle das partidas.
Manifesta que é un orzamento clonado do anterior e que só aumentan gastos en obras, pero que dada a preocupante redución de ingresos sería difícil facer un orzamento equilibrado. Manifesta que servizos sociais ten menor

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

consignación que o anterior e que a inversión en turismo cae, e que sendo un área de supervivencia do concello deberíase apostar por unha campaña de turismo de proximidade.
Di que en materia de pesca sendo outro sector importante para o concello de Laxe, entende que o concello non é competente.
Manifesta que visto que se está a estudiar a redución das taxas de terrazas, lixo e sumidoiros, pídelle ao grupo de goberno que sexan valentes e que destinen os esforzos a paliar os efectos da crise, di que é a hora de axudar porque hai sectores moi castigados. Manifesta a necesidade de paralizar o cobro das taxas, e suprimir a taxa das terrazas, que hai un remanente e que pode destinarse a iso.

Intervén o sr. Alcalde dicindo que todo o que permita a lei o farán, e que hai trámites que non dependen do concello como o cobro de determinados tributos que están delegados na Deputación, e que entre as medidas a curto prazo se está a estudar non cobrar as terrazas ata final de ano ou incluso a posibilidade de cota cero, así como os postos de mercado, a devolución da taxa de lixo e auga en determinados casos durante o estado de alarma, e continúa manifestando que se está a facer un estudo polos técnicos de emprego e que a intención do grupo de goberno e axudar dentro das posibilidades do Concello sempre que o permita a lei. En canto as subvencións di que e necesario ter en conta a ley de bases de réxime local e que non se pode por en risgo a estabilidade orzamentaria e financeira.

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).
VOTOS EN CONTRA: 0
ABSTENCIÓNS: 0
Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**
Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2020, que ascende tanto en gastos como en ingresos ao importe de **2.501.579,55 euros.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

PREVISIONS DE INGRESOS		**PREVISIONS DE GASTOS**	
CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS	798.100,00	CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL	988.916,66
CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	75.000,00	CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.290.635,04
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	445.686,71	CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS	600,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.078.407,25	CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.900,00
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	2.010,00	CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.	7.049,38
TOTAL OPERACIONS CORRENTES INGRESOS	**2.399.203,96**	**TOTAL GASTOS CORRENTES**	**2.294.101,08**
CAPÍTULO 6 ENAXENACIÓN INVERSIONS REALES		CAPÍTULO 6 INVERSIONS REAIS	202.473,47
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	99.370,59	CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL INGRESOS	**99.370,59**	**TOTAL GASTOS DE CAPITAL**	**204.473,47**
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00	CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS		CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL OPERACIONS FINANCEIRAS INGRESOS	**3.005,00**	**TOTAL GASTOS FINANCEIROS**	**3.005,00**
TOTAL	**2.501.579,55**	**TOTAL**	**2.501.579,55**

Segundo.-Aprobar, así mesmo, as bases de execución do devandito orzamento.

Terceiro.-Aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta corporación, que se xunta como anexo ao Orzamento desta entidade para o ano 2020.

Cuarto.-Expoñer ao público o orzamento e o referido cadro de persoal e a relación de postos de traballo, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Quinto.-Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o orzamento nin contra o devandito cadro de persoal e relación de postos de traballo, estes consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite de publicación do orzamento, resumido por capítulos, xunto coa publicación íntegra do cadro de persoal e a relación de postos de traballo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local. No caso contrario procederase consonte co prevido no número 1 do primeiro dos artigos mencionados.

Sexto.-O orzamento aprobado producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2020, e os créditos nel incluidos terán a consideración de créditos iniciais, e a eles imputaranse os créditos autorizados con cargo ao orzamento prorrogado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

As modificacións de crédito ao orzamento prorrogado por incorporacións de remanentes e por xeración de créditos conservarán a súa vixencia no orzamento para o ano 2020.

Sétimo.-Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido orzamento e do cadro de persoal aprobados definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

2.- APROBACIÓN RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL Nº4/2020.

Dase conta da proposta de Alcaldía,
Vista a existencia dunha serie de gastos por importe total de 8.239,97€, facturas con rexistro de entrada de 16 de xaneiro e de 21 de xaneiro correspondentes actuación de exercizos pechados, concretamente de subminisración de enerxía eléctrica e de servizos xurídicos profesionais, que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.
Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-*Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de data 13 de maio de 2020.*
SEGUNDO.-*Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº4/2020 cun importe total de 8.239,97€, con cargo ao Orzamento Xeral prorrogado de 2019 para o exercicio 2020, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación da obriga con cargo ás partidas orzamentaria correspondentes.*

Laxe, 13 de maio de 2020
O ALCALDE
Asd.: José Luis Pérez Añón

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: LSnDU5saRr2iPx2+4Fbs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).
VOTOS EN CONTRA: 0
ABSTENCIÓNS: 0
Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.-Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de data 13 de maio de 2020.
SEGUNDO.-Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº4/2020 cun importe total de 8.239,97€, con cargo ao Orzamento Xeral prorrogado de 2019 para o exercicio 2020, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación da obriga con cargo ás partidas orzamentaria correspondentes.

L

3.- APROBACIÓN RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL Nº5/2020.

Dase conta da proposta de Alcaldía

